

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentari da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez** e do seu deputado **Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión VI**, relativa á situación da empresa Vestas.

Exposición de Motivos

A secuencia de desmantelamento do tecido produtivo industrial galego avanza imparabile: hoxe chégalle a quenda á empresa Vestas, radicada en Viveiro, que se adica á fabricación de elementos dos aeroxeneradores e que representa un elemento clave para o emprego e a dinamización económica da zona.

As pretensións da dirección da empresa, concretadas en dous ERE,s un de extinción e outro suspensivo, suporían destruír 54 postos de traballo nun caso e un ERE de carácter temporal para o resto da plantilla, para 95 traballadores. Alégase falta de traballo derivada das modificacións dos modelos da carga de traballo. A factoría galega quedaría reducida a producir aquelas componentes que non se produzan na R.P China e ademais tendo que realizar diversos investimentos nestes meses para pór ás instalacións da planta de Viveiro en condicións de atender esta nova tarefa.

Alternativa Galega da Esquerda apoia as mobilizacións da plantilla dirixidas a manter os postos de traballo e as actividades industriais da factoría. O comité de empresa desenvolve coas súas accións a defensa primeira e necesaria dunha actividade e dun emprego necesarios.

A situación de desmantelamento industrial – logo do abouxiador fracaso da lei 13/2011, de 16 de decembro, reguladora de la política industrial de Galicia – e de falla de iniciativas públicas para impulsar este sector produtivo e alentari investimentos privados produtivos impugna de xeito radical o discurso publicitario do goberno do desero industrial, o goberno Núñez Feijóo.



Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposta de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento galego insta a Xunta a desenvolver todas as actuacións pertinentes para procurar o mantemento do emprego e da actividade económica asociada ao funcionamento da empresa Vestas.
- O Parlamento galego expresa a súa solidariedade coas mobilizacións da plantilla de Vestas a prol de manter os postos de traballo e a actividade industrial da empresa.

En Compostela, a 26 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 26/03/2015 13:02:01

Yolanda Díaz Pérez na data 26/03/2015 13:02:04